

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 1 DE SETEMBRO DE 2022,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Mar Pereira Álvarez como directora xeral da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- Decreto polo que se nomea a Julián Cerviño Iglesia como director xeral da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se crea o Consello da Calidade do Aire de Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do Convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino do Proxecto do Xeoparque Cabo Ortegal, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un importe dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do Convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de sustentabilidade turística Fragas do Eume, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un importe dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025, por un importe de dous millóns catrocentos corenta mil euros (2.440.000,00 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada Ampliación do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) cun orzamento base de licitación de setenta e dous millóns oitocentos dezasete mil oitocentos sete euros con dez céntimos (72.817.807,10 €) e un valor estimado de sesenta millóns cento oitenta mil cinco euros con oitenta e sete céntimos (60.180.005,87 €).

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 100 % na Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades, xestionado pola Secretaría Xeral da Igualdade, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2022 por un importe de setecentos cincuenta e cinco mil seiscientos dezasete euros (755.617,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de material sanitario de suxeición e inmobilización (férulas, faixas...), con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por importe de tres millóns cincocentos corenta e sete mil seiscientos sesenta e oito euros con vinte e sete céntimos (3.547.668,27 €) IVE incluído, e un valor estimado de seis millóns cento dezaseis mil catorce euros con cincuenta céntimos (6.116.014,50 €) sen IVE.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de material sanitario (vendas, apósitos, esparadrapos e outros) con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, tramitado co número de expediente SI-ASL1-22-020 para un período de dous anos de contrato máis tres anos de prorroga, e cun orzamento de sete millóns cento corenta e tres mil oitocentos cinco euros con oitenta e cinco céntimos (7.143.805,85 €) IVE incluído, e un valor estimado de dezanove millóns catrocentos oitenta e tres mil cento cinco euros con setenta e catro céntimos (19.483.105,74 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de nove equipamentos SPECT-TC para hospitais do Servizo Galego de Saúde derivada do Acordo marco AM 2021/105 (lotes 1 e 2), respectuoso co ambiente, do Ministerio de Sanidad, financiada pola Unión Europea a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia-NextGenerationEU, instrumento financeiro do investimento c18.i1. Plan de investimento en equipamentos de alta tecnoloxía do SNS, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia do Goberno de España, por un importe total de seis millóns cincocentos cincuenta e catro mil seiscentos cincuenta e cinco euros con noventa e un céntimos (6.554.655,91 €) IVE incluído, e un valor estimado de cinco millóns catrocentos dezasete mil setenta e un euros (5.417.071,00 €) sen IVE.
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de xestión enerxética, mantemento e conservación de edificios, instalacións e equipamentos do Hospital Arquitecto Marcide e Hospital Naval, dependentes da Área Sanitaria de Ferrol, por un importe total de dous millóns novecentos noventa e un mil cento trinta e un euros con oitenta céntimos (2.991.131,80 €) IVE incluído, e un valor estimado de catro millóns cincocentos trinta e dous mil dezasete euros con oitenta e oito céntimos (4.532.017,88 €) sen IVE.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á establecida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á adquisición de vehículos que faciliten a prestación de servizos a persoas dependentes ou persoas con discapacidade por entidades de iniciativa social da Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, de conformidade co Regulamento (UE) número 2021/241, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia e se convocan para o ano 2022 (código do procedemento BS631C). Importe total: tres millóns seis centos cincuenta mil euros (3.650.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva dirixidas a entidades de acción voluntaria e entidades locais de Galicia para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural vinculados co proxecto piloto Talento interxeracional, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023. Importe: setecentos sesenta e un mil trescentos trinta e un euros con vinte céntimos (761.331,20 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a resolución da orde de axudas InnovaPeme.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre as actuacións en materia de eficiencia enerxética realizadas pola Xunta de Galicia nos edificios administrativos e as medidas adoptadas en aplicación do Plan de choque de aforro e xestión enerxética en climatización, establecido no artigo 29 do Real decreto lei 14/2022, do 1 de agosto.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a convocatoria de subvencións para a mellora de infraestruturas de telecomunicacións nos edificios.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a execución do Plan de mellora de camiños rurais 2016-2022. Aprobación das axudas 2022-2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O NOMEAMENTO DE JULIÁN CERVIÑO IGLESLIA COMO DIRECTOR DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

- Licenciado en Ciencias Físicas pola USC, conta con máis de vinte anos de experiencia levando a cabo proxectos e programas IT estratéxicos de distintas administracións
- Substitúe no cargo a Mar Pereira que levaba dez anos ao fronte desta entidade

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Julian Cerviño Iglesia como director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. Licenciado en Ciencias Físicas e experto en Tecnoloxía da Información substitúe no cargo a Mar Pereira Álvarez, cuxo cese a petición propia tamén se aprobou na reunión semanal do Executivo autonómico.

O Goberno galego agradece o traballo e dedicación de Mar Pereira nesta etapa de posta en marcha e consolidación da Axencia, que en 2012 marcou un fito ao integrar nun único organismo os recursos do ámbito tecnolóxico, apostando por unha xestión integral das políticas tecnolóxicas da Administración.

Durante os últimos dez anos, Mar Pereira estivo ao mando das políticas de dixitalización da Comunidade –con iniciativas como 2014.gal ou a Axenda dixital de Galicia 2020–, que fixeron posible avanzar na dixitalización dos servizos públicos, na transformación dixital do tecido empresarial, na mellora da conectividade e a inclusión dixital da sociedade.

Esta transformación ten a súa continuación na posta en marcha da Estratexia Galicia dixital 2030 e da Estratexia galega de intelixencia artificial, que conteñen as bases para o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia na próxima década. Mar Pereira levou a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia nesta década a ser un referente no contexto de España.

Mar Pereira formaba parte do Goberno galego desde 2009, cando foi nomeada secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica. Licenciada en Física Electrónica pola USC, pertence ao corpo de técnicos superiores de sistemas e tecnoloxías da información do Servizo Galego de Saúde.

Julián Cerviño Iglesia, experto en IT

Julián Cerviño leva máis de vinte anos traballando en proxectos e programas IT estratéxicos de distintas administracións en Galicia, como a administración electrónica da Xunta e diversas iniciativas relacionadas coa sanidade pública.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Julián Cerviño Iglesia é Licenciado en Ciencias Físicas, especialidade Electrónica, pola Universidade de Santiago de Compostela. É un profesional con ampla experiencia en IT e sólidos coñecementos de xestión e técnicos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA CREA O CONSELLO DA CALIDADE DO AIRE, UNHA PLATAFORMA DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN PARA AVANZAR CARA AOS ESTÁNDARES MÁIS AMBIOSOS NESTE EIDO

- Contará coa participación de representantes da Xunta, da Administración local, das universidades, de entidades de carácter ambiental e da patronal galega
- Canalizará ideas para facilitar a comprensión por parte da cidadanía dos efectos da contaminación atmosférica sobre a saúde pública e a degradación dos ecosistemas, así como das formas de mellorala
- A Comunidade conta cun dos mellores sistemas de control e vixilancia de España, grazas a un proceso continuo de renovación e mellora da súa rede de estacións

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se crea o Consello da Calidade do Aire de Galicia, unha plataforma de comunicación e de intercambio de información que axudará a seguir avanzado neste eido co reto de achegarse aos criterios e estándares más ambiciosos que se propoñen no ámbito internacional. O novo organismo integrará todas as partes implicadas na Comunidade nesta cuestión, como son as administracións públicas, as empresas, o sector académico, as entidades ambientais e a cidadanía.

A Xunta, a través da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, realiza un seguimento en tempo real das concentracións de contaminantes a través da Rede de calidade do aire de Galicia, que conta na actualidade con 49 estacións de control, fixas (48) e móbiles (1), de titularidade pública (14) e privada (33), así como con dúas da Rede EMEP (Programa concertado de vixilancia e avaliación do transporte a longa distancia dos contaminantes atmosféricos en Europa), nos municipios de Noia e O Saviñao.

Trátase, no día de hoxe, dun dos mellores sistemas de control e vixilancia de toda España, grazas a un continuo proceso de renovación e optimización polo cal o Goberno galego ten previsto seguir apostando. De feito, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda anunciou este verán a súa intención de investir 1,7 millóns de euros no mantemento e actualización das instalacións que componen esta rede.

Os datos destas estacións determinan que Galicia mantén desde hai anos unha boa calidade do aire. Neste punto, a Xunta ten marcado o obxectivo de seguir mellorando tanto a cobertura xeográfica dos datos de contaminantes como a información que subministra á cidadanía nesta cuestión, co obxectivo de protexer a saúde e o benestar da poboación galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesa liña, o Consello da Calidade do Aire de Galicia, creado hoxe, márcase o obxectivo de fomentar o intercambio de ideas para facilitar a comprensión por parte da cidadanía dos efectos da contaminación atmosférica na súa saúde e na degradación dos ecosistemas, así como das formas que teñen de mellorala.

Deste xeito, o novo organismo terá como funcións propoñer medidas para fomentar o intercambio de información de interese para avanzar cara á unha mellor calidade do aire; colaborar na análise da implicación na saúde das persoas e na calidade dos ecosistemas; impulsar accións para informar a cidadanía; suxerir a adopción de medidas lexislativas; colaborar na análise de actuacións nos casos de episodios de contaminación atmosférica; propor medidas para fomentar a investigación e o estudo, e avaliar as propostas lexislativas do Goberno galego nesta materia.

Para acadalo, o Pleno deste consello estará composto por representantes da Administración autonómica —ocupará a presidencia a persoa titular das competencias de ambiente e a vicepresidencia primeira, quen sexa responsable da xestión da saúde pública—, da Administración local —designadas pola Fegamp—, das universidades, de organizacións de carácter ambiental seleccionadas entre as inscritas no Rregistro galego de Entidades de Carácter Ambiental, e da Confederación de Empresarios de Galicia.

A maiores, este consello, que funcionará en pleno, poderá constituír grupos técnicos de traballo por sectores ou por temas, que poderán ser permanentes ou específicos e que estarán formados polos membros que o propio consello designe para o efecto.

O propósito é construír unha estrutura de comunicación con todas as partes interesadas para canalizar as súas expectativas, valoracións e suxestións de cara a seguir mellorando a calidade do aire na Comunidade.

En liña co Pacto verde europeo

Cómpre subliñar que, aínda que en Galicia se respectan os valores límite lexislados para cada contaminante, a Unión Europea está revisando a súa actual política de calidade do aire sobre a base das guías da Organización Mundial da Saúde (OMS) e dos informes de funcións de concentración-resposta para contaminantes clave da Axencia Europea do Medio Ambiente (AEMA).

Neste sentido, a Xunta quere adoptar un enfoque máis ambicioso tomando como referencia os criterios aínda máis restritivos que propón a OMS e en liña cunha das prioridades do Pacto verde europeo, que é reducir ao máximo a contaminación, coa firme vontade de extremar a protección da saúde pública e a calidade dos ecosistemas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DOS CONVENIOS COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DOS PLANS DE SUSTENTABILIDADE EN DESTINO DOS PROXECTOS DO XEOPARQUE CABO ORTEGAL E DAS FRAGAS DO EUME POR IMPORTE DE 3 MILLÓNS DE EUROS

- Están financiados no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia dos fondos Next Generation
- O obxectivo é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística nestes destinos, na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición de dous convenios de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de sustentabilidade turística do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal e do Proxecto das Fragas do Eume.

O obxectivo é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística nestes destinos, na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, co fin de beneficiar tanto os ditos destinos turísticos como os axentes sociais e os operadores privados do sector.

Os convenios teñen por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de sustentabilidade turística en destino (PSTD) da Deputación da Coruña, dentro do Plan territorial de sustentabilidade turística litoral de Galicia da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

Plan de sustentabilidade Cabo Ortegal

A mellora e adecuación dos servizos turísticos con que conta este territorio, así como o desenvolvemento de novas ferramentas dixitais, novos produtos turísticos e a implementación e asesoramento preciso para que o destino avance no seu posicionamento como destino turístico, no ámbito da calidade turística e na súa sustentabilidade, son os eixes arredor dos cales pivota este proxecto.

A proposta inclúe actuacións como a creación dunha rede de centros de interpretación do Xeoparque do Cabo Ortegal, a adecuación e mellora así como a promoción do Camiño a Santo André de Teixido ou a creación dunha rede de rutas de sendeirismo e BTT.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se inclúe a asistencia e asesoramento para que o territorio sexa destino SICTED, para a súa adhesión ao Club de Produto de Ecoturismo de España.

Finalmente, no ámbito da xestión dos fluxos, preténdese avanzar na implantación de sistemas de intelixencia turística para o control da capacidade de carga do destino, para a creación dun centro de interpretación virtual (dixitalización) ou para a posta en valor dos recursos xeolóxicos ou a creación de novos produtos vencellados ao turismo activo.

Plan de sustentabilidade Fragas do Eume

Trátase dun plan que conta cun importante apoio do tecido turístico privado e con recursos turísticos de alto valor engadido pola súa singularidade. O plan está orientado a que o turismo sexa un motor de recuperación e impulso do conxunto do tecido socioeconómico do territorio e un revulsivo para a súa economía.

O proxecto pivota arredor da posta en marcha de novos produtos e infraestruturas turísticas sustentables e adaptadas á contorna e á xestión adecuada dos fluxos turísticos. Entre as propostas que establece podemos destacar a instalación de bungalows flotantes e cabaniñas no bosque de Monfero, a creación dunha rede de miradores e dun centro BTT, así como a creación de novas rutas turísticas vencelladas con recursos naturais, deportivas, etnográficas ou patrimoniais.

Tamén se estudarán os fluxos turísticos, habilitando aparcadoiros disuasorios, áreas de servizos para autocaravanas, lanzadeiras eléctricas para reducir o vehículo privado na área natural e impulso de sendas ciclables e implantación de bicicletas eléctricas no territorio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A FEGAMP PACTAN UN NOVO MODELO DE AULA CEMIT ACORDE COS REQUIRIMENTOS DO MARCO GALEGO DE COMPETENCIAS DIXITAIS

- O novo convenio prevé a ampliación da Rede de aulas, que actualmente suman 97 centros en 91 concellos, nun 30 % ata 2025
- Para a incorporación destas aulas teranse en conta criterios como a cobertura da poboación que se debe atender, así como o compromiso de dinamizar as aulas e realizar capacitación dixital
- Os concellos que queiran adherirse ao novo modelo de aula deberán ofrecer un mínimo de horas de formación en competencias dixitais e dispor dun espazo amplo e con ventilación e iluminación natural
- Está previsto que entre finais deste ano e comezos de 2023 as aulas da Rede CeMIT contén con impresoras 3D, kits de robótica, drons, lentes de realidade virtual e kits de placas de comunicación e programación
- Abordarase a transformación física e arquitectónica dos 20 primeiros centros da Rede CeMIT antes de que finalice o ano 2023
- Xa está en proceso de licitación un servizo para potenciar a formación e conseguir que máis de 45.000 persoas se formen en competencias dixitais
- Ademais, a Amtega licitou un acordo marco para a elaboración de contidos formativos e o desenvolvemento de plataformas e servizos dixitais cun orzamento de 1,6 millóns de euros

A Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) pactan un novo modelo de aula CeMIT acorde cos requirimentos do Marco galego de competencias dixitais. Así se recolle nun acordo que asinarán proximamente a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Fegamp para colaborar na xestión, coordinación e difusión do Plan de reforma e ampliación da Rede de Aulas CeMIT, desenvolvido pola Administración autonómica para impulsar a capacitación dixital dos galegos.

O novo convenio prevé a ampliación da rede de aulas, que actualmente suman 97 centros en 91 concellos, nun 30 % ata 2025. Para a incorporación destas aulas, que se realizará a través dunha convocatoria pública, teranse en conta criterios como a cobertura da poboación que se debe atender, así como o compromiso de dinamizar as aulas e realizar accións de capacitación dixital.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os beneficios do novo modelo inclúen, tamén, o redeseño arquitectónico dos espazos, a dotación de novo equipamento tecnolóxico adaptado ás tendencias formativas máis innovadoras, potenciación da formación e servizos dixitais renovados.

Con este acordo, aprobado hoxe polo Consello do Goberno galego, dáse continuidade á colaboración que veñen mantendo ambas as entidades na xestión dos 97 centros presentes en 91 concellos.

A Axencia para a Modernización Tecnolólica de Galicia destinará 813.000 euros anuais entre 2023 e 2025 ás administracións locais a través da Fegamp para a realización de actuacións en materia de inclusión dixital nas aulas CeMIT consideradas de referencia. Este orzamento distribuirase atendendo a criterios de actividade das aulas, así como da poboación do municipio, correspondéndolle ás entidades locais de máis de 5.000 habitantes unha subvención de 15.000 € e ás de menos de 5.000 habitantes a contía de 7.251 €.

Este acordo enmárcase no Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT, actualmente en marcha, e que suporá un investimento de 22.776.304 euros ata 2025 para abordar a transformación física e arquitectónica dos centros; a dotación de equipamento tecnolóxico punteiro; a posta en marcha dun novo servizo de aula móvil, o reforzo dos servizos dixitais e adaptar a estratexia formativa ao novo Marco galego de competencias dixitais.

Dotación tecnolólica punteira e reforma das aulas

Está previsto que entre finais deste ano e comezos do 2023 as aulas da Rede CeMIT conten con equipamento tecnolóxico innovador composto por impresoras 3D, kits de robótica, drons, lentes de realidade virtual e kits de placas de comunicación e programación.

En canto á transformación física e mesmo arquitectónica dos centros CeMIT, a previsión é que antes de que finalice o 2023 se complete a reforma dos 20 primeiros centros, que os fará máis flexibles e que permitirá novos usos acordes coas últimas tendencias didácticas e tecnolóxicas.

Marco galego de competencias

Xa está en proceso de licitación un servizo para potenciar a formación e conseguir que máis de 45.000 persoas se formen en competencias dixitais reguladas polo Marco galego de competencias dixitais.

Por último, reforzaránse os servizos dixitais (os espazos web do proxecto, a plataforma formativa en liña...) e o seu soporte e mantemento, como medida transversal para contribuír ao fortalecemento de todas as liñas de actuación. Con este fin a Axencia licitou un acordo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

marco para a elaboración de contidos formativos e o desenvolvemento de plataformas e servizos dixitais cun orzamento de 1.620.450 €.

Máis de 100.000 usuarios

A Rede CeMIT é unha iniciativa posta en marcha pola Axencia. Conta con máis de 100.000 persoas usuarias. Delas, un 59,62 % son mulleres e destaca o uso maioritario por parte das persoas que teñen entre 45 e 54 anos, que supoñen un 22,86 % das persoas usuarias totais. As persoas de 55 e máis anos representan o 27,82 % de persoas usuarias, unha porcentaxe que se incrementou nun 31 % desde os inicios da Rede CeMIT, xa que en 2012 era do 21 %.

Na Rede ofertáronse, desde 2011, máis de 456.500 horas de formación que, unidas ás restantes iniciativas postas en marcha polo Goberno galego para lograr a inclusión dixital, contribuíron a que o 87,1% dos galegos e galegas empreguen a internet, segundo os últimos datos do INE. Esta porcentaxe supón un incremento de máis do 85 % con respecto ao dato de 2010, en que a usaba o 47 %.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO CUN INVESTIMENTO DE 72,82 M€

- O presidente enmarca esta reforma nas actuacións que a Xunta está a levar a cabo nas infraestruturas sanitarias para adaptalas á "medicina do mañá"
- Explicou que a previsión é licitar as obras no mes de setembro para comezalas no primeiro trimestre de 2023
- A actuación permitirá incrementar en case un 30% a superficie do Hospital Clínico, coa ampliación de dous bloques de edificios en 36.416 m²
- Prevese a creación dunha nova zona de urxencias pediátricas e a ampliación e reforma das de adultos, ademais da dotación dun novo bloque cirúrxico con 7 novos quirófanos
- Crearase un gran hospital de día no cal convivirán as diferentes especialidades médicas que permitirá incrementar a ambulatorización de numerosos tratamentos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou na rolda de prensa tras o Consello que o Goberno galego autorizou hoxe a contratación das obras de ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS), cun orzamento de 72,82 M€. O titular do Goberno autonómico enmarcou esta reforma nas actuacións que a Xunta está a levar a cabo nas infraestruturas sanitarias de toda a comunidade para adaptalas "á medicina do mañá ou a que xa se está a practicar" e que evoluciona con rapidez. Un novo modelo de atención sanitaria no que, sinalou, teñen cada vez más peso os procesos ambulatorios e o uso de alta tecnoloxía sanitaria.

Rueda explicou que a previsión é licitar no mes de setembro as obras, declaradas como proxecto público de urxencia ou de excepcional interese, de acordo co procedemento regulado na Lei 3/2016. "O obxectivo do Goberno galego é comezar os traballos no primeiro trimestre de 2023" –sinalou sobre estas obras cun prazo de execución de 42 meses.

Con esta actuación ampliarase a superficie actual do Hospital Clínico en case un 30 %, incrementando e mellorando as prestacións e servizos aos pacientes da área sanitaria que cobre este hospital.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta obra habilitarase unha nova superficie de 36.416 m², dos cales 31.126 m² corresponderán ao edificio A e 5.292 m² ao edificio C, actuando así en dous bloques de edificios do Hospital Clínico.

O edificio A ampliarase cara ao oeste, de forma mimética ao actual edificio hospitalario, para una máxima integración arquitectónica e funcional. A ampliación disporá dun núcleo de comunicación vertical con 8 ascensores.

En canto á súa distribución, na planta -4 situarse a zona de tratamiento de lixos e reservarase unha zona para instalacións, e na -3 reformaranse os laboratorios de inmunoloxía e microbioloxía, así como o mortuorio.

Ademais, na planta -2 crearase unha nova zona de urxencias pediátricas e reformaranse e ampliaranse as de adultos, mentres que no andar número -1 se situará o novo bloque cirúrxico, que estará dotado de 7 novos quirófanos e unha área de espertar. Este número de quirófanos de alta complexidade supón un crecemento dun 50 % respecto á dotación existente no Hospital Clínico e permitirá un importante incremento da actividade cirúrxica co seu conseguinte impacto na redución do tempo medio de espera.

No andar 0 situarse unha ampla área de endoscopias, que se distribuirá en endoscopias dixestiva, urolóxica, xinecolóxica e pneumolóxica. Destaca o crecemento da área de endoscopia dixestiva, que pasa dun número actual de 4 salas a 10, xunto cunha área específica de adaptación ao medio, destinada aos doentes unha vez finalizadas as probas.

Nas plantas 1 a 3 estarán as áreas de hospitalización, dúas por planta. A hospitalización hematolóxica está nunha das zonas do nivel +2 e son de hospitalización médico-cirúrxica os outros cinco ámbitos. A unidade de hematoloxía amplía nun 60 % os cuartos individuais necesarios para os novos tratamentos que esta especialidade incorporará nun futuro, como son os CAR-T. O incremento destas cinco unidades de hospitalización permitirá que todos os cuartos dos hospitais de Santiago sexandobres ou individuais.

Na cuberta, que se corresponde co cuarto andar, situarse o heliporto, trasladado desde a súa localización actual, afectada pola propia obra de ampliación do Hospital Clínico.

No referido ao edificio C, ampliarase cara ao leste desde o nivel -2 ao nivel +2, por tanto, realizase en 5 andares coincidentes cos existentes. Todas as plantas contan cun núcleo de comunicación situado en paralelo ás zonas de espera da fachada sur e con comunicación cos eixes de circulación xeral do edificio externo e interno.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No andar -2 situaranse as áreas de cirurxía plástica e maxilofacial. Tamén se acolle a Área de Documentación Clínica e Codificación.

No -1, na fachada sur sitúase a Unidade de Mama, coas consultas e salas de diagnóstico; na zona norte está a Escola infantil.

No nivel 0 dispone un gran Hospital de Día para as diferentes especialidades da área médica, con sala de tratamentos, cubículos, consultas e espazos de apoio, cunha capacidade de 50 postos entre cadeiras de brazos e camas, o que permitirá ampliar a ambulatorización de numerosos tratamentos.


No 1 situarse Pneumoloxía e Alergoloxía, mentres que na 2 planta estarán as salas polivalentes, e a Unidade da Dor, con sala de técnicas especiais e consulta de anestesia.

En canto á urbanización, manteranse os viarios existentes, ben que é necesaria a súa rectificación co fin de dispoñer do espazo necesario para a execución da obra.

Ámbito e planta resultante da ampliación:



Alzado da ampliación do bloque A:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 755.617 €, CON CARGO AO 0,7 % DO IRPF, A APOIAR PROGRAMAS DE ENTIDADES SOCIAIS PARA PROMOVER A IGUALDADE E LOITAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

- O Goberno galego avalará iniciativas para desenvolver entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023 dirixidas a mulleres en situación de especial vulnerabilidade
- Entre outras accións, propiciarán os programas de atención, asesoramento, formación, conciliación e tratamiento da saúde deste colectivo
- Desde 2018 a Secretaría Xeral da Igualdade concedeu máis de 2,3 millóns de euros para financiar 122 programas

O Consello da Xunta aprobou hoxe destinar 755.617 euros, con cargo ao 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) correspondente á Comunidade, a apoiar programas de entidades sociais para impulsar o liderado da muller, o apoio ás mulleres en situación de especial vulnerabilidade e a loita contra a violencia de xénero.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, propiciará iniciativas das entidades sociais que teñan por beneficiarias mulleres que se encontren en situación de vulnerabilidade: vítimas da violencia de xénero ou doutras violencias, mulleres en situación de explotación sexual-laboral ou de trata de persoas, inmigrantes, refuxiadas, reclusas, mulleres de minorías étnicas, etc.

Outorgáronse apoio a accións de aloxamento, acollemento, atención e asesoramento, formación e información para o liderado da muller, e a propostas que incidan na conciliación. Tamén serán susceptibles de recibir financiamento os programas de tratamiento integral de vítimas da violencia de xénero, as propostas que incidan na protección e seguridade das vítimas da violencia de xénero e das súas familias, así como para o tratamiento integral da saúde das mulleres, sobre todo no eido da sexualidade.

As entidades que resulten beneficiarias recibirán os cartos mediante anticipos este 2022, aínda que o período para desenvolver os seus programas irá desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023.

A convocatoria está financiada con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do IRPF dos orzamentos do Estado que corresponden á Comunidade galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nos últimos catro anos (2018, 2019, 2020 e 2021) a Consellería de Promoción do Emprego destinou máis de 2,3 millóns de euros no marco desta convocatoria a financiar un total de 122 programas de interese xeral das entidades beneficiarias. O ano pasado os cartos chegaron a 35 iniciativas, o maior número ata o de agora, que recibiron case 742.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A CONTRATACIÓN DE COLARIÑOS, FAIXAS E FÉRULAS PARA AS ÁREAS SANITARIAS POR IMPORTE DE 3,5 MILLÓNS DE EUROS

- A subministración deste material sanitario terá unha duración inicial de 3 anos, con posibilidade de 2 anos de prórroga e está dividida en 29 lotes, fronte aos 21 de contratos anteriores
- Este contrato enmárcase na política de centralización dos contratos de material sanitario que a Xunta ten posto en marcha nos últimos anos con importantes aforros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da subministración de material sanitario destinado ás distintas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde por un importe total de 3.547.668 euros durante os vindeiros 3 anos. Este material inclúe, entre outros, a compra de novas férulas, faixas estabilizadoras e colariños. A contratación farase mediante procedemento aberto e está dividida en 29 lotes, atendendo á variedade de material obxecto da mesa, fronte aos 21 lotes de contratos anteriores. A duración da subministración, que ten un valor estimado de máis de 6 millóns de euros, é de 3 anos, cunha prórroga de 2 anos.

O obxecto desta contratación é asegurar a subministración do material destinado á suxección e seguridade dos doentes das distintas áreas sanitarias da Comunidade galega, garantindo a mellor asistencia sanitaria aos usuarios que as requiran e procurando as mellores condicións técnicas. A Xunta busca con esta nova contratación adquirir material sanitario coas mellores cualidades técnicas e coa maior funcionalidade de uso para os profesionais e para os doentes.

Este contrato enmárcase na política de centralización dos contratos de material sanitario que a Xunta ten posto en marcha nos últimos anos con importantes aforros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COMPRA DE VENDAS E APÓSITOS PARA AS ÁREAS SANITARIAS POR IMPORTE DE 7 MILLÓNS DE EUROS

- Este contrato enmárcase na política de centralización dos contratos de material sanitario que a Xunta ten posto en marcha nos últimos anos. O autorizado hoxe evita variacións significativas nos prezos de adquisición dos produtos

O Consello da Xunta autorizou na reunión realizada hoxe o expediente de contratación de material sanitario como vendas, apósitos, esparadrapos e outros produtos similares con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de 7.142.805,85 euros e un valor estimado de 19.483.105,74 euros.

O Goberno galego, con este contrato único, evita variacións significativas nos prezos de adquisición dos produtos entre os distintos centros hospitalarios.

A licitación xorde, ademais, da necesidade de satisfacer a demanda asistencial das áreas sanitarias do Sergas de diversos produtos de uso común na atención sanitaria de primaria e especializada, utilizados e indicados na práctica diaria, ben sexa despois dunha lesión ou con fins protectores, para evitar e aliviar dores ou lesións articulares.

Esta contratación, que inclúe 2 anos de duración e 3 de prórroga e que cumple os principios de igualdade no acceso, equidade e calidade, enmárcase e complementa as actuacións que a Consellería de Sanidade puxo marcha no eido da mellora continua da calidade asistencial e da sustentabilidade económica do sistema sanitario público galego.

Á autorización deste expediente seguirá a publicación da licitación, da recepción e valoración das ofertas, e da adxudicación e formalización dos contratos.

Política de centralización de contratos

Este contrato enmárcase na política de centralización dos contratos de material sanitario que a Xunta ten posto en marcha nos últimos anos con importantes aforros. Así, o pasado mes de xuño aprobouse a licitación para a subministración sucesiva de suturas manuais e cola de tecidos non absorbible, no período comprendido entre 2022 e 2025, por un importe total de 7.289.227 euros.

Así mesmo, entre os expedientes licitados por primeira vez nestes últimos anos polo Servizo Galego de Saúde, mediante compra centralizada, está a subministración sucesiva

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de tubos endotraqueais e cánulas de traqueotomía, adxudicado por un importe de 1.839.709,81 euros, con IVE, cun aforro do 18,66 % sobre a licitación; a subministración sucesiva de sistemas monitorización de glicosa, adxudicado por un importe de 834.291,08 euros, con IVE, cun aforro do 4,20 % sobre a licitación; e a subministración sucesiva de equipamentos de cobertura cirúrxica, cun importe de adxudicación de 2.961.134,41 euros, con IVE, cun aforro sobre a licitación do 8,59 %.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA RENOVARÁ POR 6,5 MILLÓNS O PARQUE DE GAMMACÁMARAS DOS SERVIZOS DE MEDICINA NUCLEAR DO SERGAS

- Salientou que se trata de equipamentos para a diagnose de enfermidades cardíacas, neurolóxicas ou renais e que tamén se usan nos tratamentos oncolóxicos
- Explicou que o Consello autoriza a compra de nove destes novos equipamentos de alta tecnoloxía
- Entre 2022 e 2023 os hospitais de Lugo, Ourense, Santiago e o Meixoeiro de Vigo renovarán os seus equipamentos entrementres que o Gran Montecelo de Pontevedra estreará a súa primeira gammacámara
- Este expediente completa o proceso de renovación e ampliación de equipamentos de alta tecnoloxía sanitaria nos que a Xunta investiu case 68 millóns este ano

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello autorizou na reunión realizada hoxe o contrato de renovación do parque de gammacámaras (equipamentos SPECT-TC) nos diferentes servizos de medicina nuclear do Servizo Galego de Saúde. "A Xunta segue avanzando na implantación e mellora dos equipos de alta tecnoloxía sanitaria nos hospitais públicos, como estes equipamentos que permiten diagnosticar enfermidades cardíacas, neurolóxicas e renais e que se utilizan tamén no tratamento do cancro", sinalou.

Rueda explicou que o obxectivo de implantar e renovar estes equipamentos é "incrementar a supervivencia global e a calidade de vida dos pacientes", xa que se trata de tecnoloxía que facilita a detección precoz de enfermidades e contribúe a que os pacientes reciban antes o tratamento necesario.

O titular da Xunta resaltou que se investirán 6.554.655 euros para adquirir 9 novos equipamentos de alta tecnoloxía que se instalarán entre 2022 e 2023 para substituír os equipamentos actuais nos hospitais Lucus Augusti de Lugo (1), no Universitario de Ourense (2), no Clínico Universitario de Santiago (2) e no Hospital Meixoeiro de Vigo (3). Ademais, no hospital Montecelo de Pontevedra, a compra do equipamento SPECT-TC suporá unha novedade xa que ata o de agora esta área sanitaria non contaba con servizo de medicina nuclear, que se estreará, xunto co de radioterapia, coa posta en marcha do Gran Montecelo.

Así, en particular, en 2022 está prevista a instalación dunha nova gammacámara no Hospital Meixoeiro de Vigo, e doutro destes equipamentos no Hospital Clínico

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Universitario de Santiago de Compostela. Pola súa banda, no ano 2023 renovaranse dous equipamentos SPECT- TC do Hospital Universitario de Ourense, un no hospital Lucus Augusti de Lugo, un segundo no Hospital Clínico de Santiago e dous máis no Hospital Meixoeiro de Vigo. Finalmente, no ano 2023 instalarase a primeira gammacámara do hospital Montecelo de Pontevedra, coincidindo coa posta en funcionamento do Gran Montecelo, a ampliación do hospital pontevedrés que creará o seu servizo de medicina nuclear.

Deste xeito, cinco das sete áreas sanitarias galegas contarán con novos equipamentos de alta tecnoloxía que permiten a diagnose de enfermidades cardíacas, neurolóxicas, endocrinolóxicas, renais ou do aparello locomotor, así como a detección e tratamento de enfermidades oncolóxicas. Quedan unicamente fóra do contrato a área de Ferrol, que non dispón de servizo de medicina nuclear, e a de Coruña, que realiza as diagnoses a través da Fundación Centro Oncológico de Galicia.

Obtención de imaxes tridimensionais dos órganos

A medicina nuclear utiliza pequenas cantidades de materiais radioactivos chamados radiosondas, que xeralmente se inxectan no torrente sanguíneo, se inhalan ou se tragan. A radiosonda viaxa a través da área examinada e entrega enerxía na forma de raios gamma, que son detectados por unha cámara especial e unha computadora para crear imaxes do interior do seu corpo.

Estas gammacámaras ou equipamentos SPECT permiten a realización destas exploracións metabólicas/funcionais segundo o órgano ou sistema que se vai estudar. Os SPECT detectan as emisións de enerxía da radiosonda no corpo e convertenas nunha imaxe. Os cabezais de que se compoñen as gammacámaras posúen capacidade de movemento ao redor do paciente; pódese así obter imaxes tridimensionais do órgano que se vai estudar.

Utilízanse principalmente para diagnosticar e rastrexar o avance das enfermidades do corazón, como arterias coronarias bloqueadas. Existen tamén trazadores radioactivos para detectar trastornos óseos, enfermidades da vesícula e sangrado intestinal.

Completado o investimento de fondos europeos en alta tecnoloxía

Este contrato completa os previstos en 2022 pola Xunta para canalizar os fondos NextGeneration da Unión Europea cara á renovación e ampliación da alta tecnoloxía sanitaria. Polo momento, o Sergas xa adxudicou os contratos de catro aceleradores

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

lineais por 8,9 millóns de euros, de nove resonancias magnéticas por 10,5 millóns de euros, de 34 TAC por 21,1 millóns e de tres equipamentos PET-TC por 5,4 millóns.

Ademais deles, o Consello da Xunta xa autorizou este ano outras licitacións derivadas deste uso dos fondos Next Generation, aínda pendentes de resolver, como a adquisición de sete equipamentos de cardioloxía intervencionista por 5,9 millóns de euros e de catro equipamentos de radioloxía vascular intervencionista e catro equipamentos de neurovascular intervencionista por 8,4 millóns de euros. Por outra banda, aínda que non requiriu autorización do Consello polo importe, trámitouse tamén a adquisición de dous equipamentos de braquiterapia por arredor de 1 millón de euros.

En total, trátase dun investimento de case 68 millóns de euros, que supera os 61 previstos, dado que a Xunta tomou a decisión de complementar os fondos Next Generation con outros fondos do seu propio orzamento para adquirir equipamentos de gammas superiores aos financiados, algo que xa sucedeu nos contratos de TAC (para incorporar TAC de tecnoloxía espectral) ou nas resonancias magnéticas.

Esta renovación e ampliación da alta tecnoloxía sanitaria busca incrementar a supervivencia global e a calidade de vida das persoas mediante a diagnose de enfermidades en estadios temperáns, posibilitando a intervención terapéutica rápida, con especial atención ás patoloxías de maior impacto sanitario, como son as enfermidades crónicas, as enfermidades oncolóxicas, as enfermidades raras e as enfermidades neurolóxicas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNNS DOS HOSPITAIS ARQUITECTO MARCIDE E NAVAL DE FERROL

- O contrato, cunha duración de 3 anos prorrogable por outros 2, ascende a 2,9 millóns de euros e inclúe o servizo de xestión enerxética, mantemento e conservación dos edificios, instalaciónns e equipamentos destes centros sanitarios

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do mantemento e conservación das instalaciónns do Hospital Arquitecto Marcide e do Hospital Naval, dependentes da Área Sanitaria de Ferrol, por un total de 2.991.131 euros e por un período de 3 anos, prorrogable por outros 2.

O expediente autorizado polo Goberno galego inclúe a xestión enerxética, o mantemento e a conservación dos edificios, instalaciónns e equipamentos incluídos no ámbito de actuación destes centros sanitarios.

Concretamente, a contratación abrangue a xestión da eficiencia enerxética para a optimización do consumo nas instalaciónns eléctricas, auga quente, climatización e vapor, mentres que o servizo de mantemento comprende o desenvolvemento das operacións necesarias de mantemento, conservación dos edificios, instalaciónns e equipamentos dos centros incluídos no ámbito de actuación da Área Sanitaria de Ferrol.

Así mesmo, a empresa adxudicataria poderá propoñer e executar ao seu cargo, logo de aprobación da área sanitaria, todas aquelas melloras, ampliacións, actualizacións, reformas e modificacións en edificios, equipamentos e instalaciónns que xulgue necesarias para mellorar as prestacións e rendementos enerxéticos dos centros.

Esta actuación aprobada pola Xunta complementa tamén aquelas liñas de traballo que a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, puxo en marcha no eido da mellora continua da calidade asistencial e da sustentabilidade económica do sistema sanitario público galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UNHA ORDE DOTADA CON 3,6 MILLÓNS DE EUROS PARA QUE AS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL COMPREN VEHÍCULOS ADAPTADOS

- A contía máxima da axuda será de 50.000 euros por vehículo e os coches, de emisión cero, deberán adquirirse no 2023
- As entidades beneficiarias poderán solicitar un anticipo de ata o 100% da subvención concedida

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha orde de axudas dotada con 3,6 millóns de euros para que as entidades que traballan no ámbito da atención de persoas maiores e persoas con discapacidade adquieran no 2023 vehículos adaptados e de emisión cero, eco ou de etiqueta C verde.

Esta nova convocatoria recolle que a contía máxima da axuda será de 50.000 euros por vehículo. Así mesmo, as entidades beneficiarias poderán solicitar un anticipo de ata o 100% da subvención concedida para facilitar que as asociacións contén con liquidez antes de facer fronte a adquisición do vehículo.

A posta en marcha desta liña de axudas obedece ao compromiso do Goberno galego coa mellora da atención aos maiores e ás persoas con discapacidade. Deste xeito, a Administración autonómica favorece por un lado a compra de medios de transporte que respecten o medio ambiente e, por outro, axudan as entidades sociais no seu traballo diario a favor das persoas dependentes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PORÁ EN MARCHA UN NOVO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO INTERXERACIONAL NO MEDIO RURAL

- O obxectivo da iniciativa é fomentar os encontros e as actividades entre mozos de entre 16 e 35 anos e maiores de 55 anos para impulsar o seu crecemento persoal e profesional
- Conta cun orzamento de 760.000 euros para impulsar a recuperación de oficios, a produción agroalimentaria ou o deseño de modelos dixitais e tecnolóxicos, entre outras

O Consello da Xunta aprobou hoxe a posta en marcha dun novo programa de voluntariado interxeracional que se desenvolverá no medio rural coa intención de seguir mellorando as perspectivas de crecemento e posta en valor e impulsar novas oportunidades de inserción laboral á mocidade. Esta iniciativa novedosa contará cun orzamento de 760.000 euros, distribuídos entre 2022 e 2023 para impulsar diferentes actividades con mozos de entre 16 e 35 anos e persoas maiores de 55.

Este programa está dirixido a entidades de acción tanto locais como asociativas e centrarse nas zonas do rural galego. Procura fomentar actividades formativas, de intercambio de experiencia e coñecementos, no concellos de menor tamaño vinculados a ámbitos como a nova economía dos coidados, a recuperación de actividades ou oficios, a produción agroalimentaria, a recuperación do patrimonio e o turismo e o deseño de modelos dixitais e tecnolóxicos.

A Xunta de Galicia aposta polas iniciativas de carácter interxeracional coa intención de sumar esforzos entre os novos e os de máis idade para favorecer o crecemento persoal e tamén laboral dos más novos. Deste xeito, os proxectos deberán estar integrados por grupos interxeracionais e funcionarán por un sistema de parellas, no que cada persoa voluntaria maior de 55 anos encargarase de titorizar a un mozo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA INCREMENTARÁ A SÚA CAPACIDADE INNOVADORA A TRAVÉS DE 32 PEMES QUE, CO APOIO DA XUNTA, MOBILIZARÁN 4,8 M€

- A Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación acaba de resolver a nova convocatoria do programa InnovaPeme, que contribuirá á creación ou mantemento de 130 empregos
- A través desta iniciativa apóianse as empresas que comezan a impulsar a súa innovación, valorando especialmente as que non obtivesen antes axudas e incentivos fiscais á I+D+i
- Desde a súa posta en marcha en 2017, InnovaPeme colaborou en 192 proxectos de microempresas e pequenas e medianas compañías galegas, favorecendo a xeración e consolidación de 900 postos de traballo

Un total de 32 micro, pequenas e medianas empresas galegas mellorarán a súa capacidade innovadora con apoios da Xunta de Galicia por preto de 2,4 millóns de euros grazas á súa participación no programa InnovaPeme. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación acaba resolver a nova edición –a quinta-desta convocatoria de axudas, que contribuirá á creación ou mantemento de 130 empregos.

Os apoios do InnovaPeme alcanzan o 50 % do investimento subvencionable, polo que a mobilización final se aproximarán aos 4,8 millóns de euros. Están dirixidos ao financiamento das actividades integradas en plans de innovación que lles permitan a pequenas, medianas e microempresas o fortalecemento naquelas áreas que sexan relevantes para a sistematización e internacionalización dos seus procesos de innovación, e que estean aliñados coa Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia.

Esta iniciativa acompaña as empresas que comezan e impulsan a súa innovación e, así, 18 das pemes que obteñen apoio nesta edición non obtiveron nin participaron en axudas e incentivos fiscais á I+D+i nos últimos tres anos, e sete compañías son de recente creación. Ademais, cómpre sinalar que a metade dos beneficiarios son microempresas e que 18 dos plans se desenvolverán en concellos rurais ou pouco poboados. Por sectores, a industria agroalimentaria é a que máis se beneficia nesta convocatoria, con 7 beneficiarios, seguida das empresas vincelladas á saúde e a cadea de valor das solucións dixitais. No desenvolvemento destas iniciativas contarase coa colaboración de 64 organismos de investigación e empresas facilitadoras de tecnoloxías.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O programa InnovaPeme consolídase como o incentivo das microempresas e das pemes. Desde a súa posta en marcha en 2017, esta iniciativa apoiou 192 proxectos, contribuíndo á creación e mantemento de preto de 900 postos de traballo vinculados á innovación, cun orzamento de 16 millóns de euros. Catro de cada cinco empresas beneficiarias non recibiu unha axuda da Axencia Galega de Innovación desde a súa creación, polo que esta colaboración representa, para moitas delas, o primeiro chanzo de cara a consolidarse no futuro como firmas innovadoras en Galicia.

Os obxectivos son mellorar a capacidade de innovación das compañías participantes, aumentar a súa competitividade e tamaño de mercado a través de novos produtos ou servizos; potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación en Galicia; e fomentar o investimento en I+D por parte das empresas, a transferencia de tecnoloxía e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente.

Esta iniciativa enmárcase no Programa de impulso á innovación nas pemes, dentro do cal se activaron outros apoios como os bonos de innovación, que se lanzaron por primeira vez este ano para apoiar a contratación de servizos externos que faciliten as actividades de innovación, a captación de fondos en convocatorias de concorrencia competitiva e o aproveitamento dos beneficios fiscais á I+D+i.

Dentro do conxunto de apoios específicos para o impulso innovador nas pequenas e medianas empresas, tamén está o programa DeseñaPeme, co reto de seguir avanzando na mellora da capacidade de innovación e sustentabilidade das empresas a través do impulso da xestión do deseño como valor estratéxico; os préstamos IFI Innova –cuxo prazo está aberto ata o 30 de setembro–, ou o programa ReAcciona.

Este ano celebrouse tamén a iniciativa *Camiño de futuro*, posta en marcha pola Xunta de Galicia para difundir entre as pequenas e medianas empresas de contornas non urbanas os instrumentos de apoio dirixidos a mellorar a súa competitividade e crecemento. Este programa deu continuidade á iniciativa *Camiño da innovación*, celebrada en 2021. Realizáronse en total 32 encontros en localidades das catro provincias galegas, que reuniron a máis de 1.000 asistentes.

Ademais destas actuacións de difusión, púxose en marcha o Boletín mensual de cultura innovadora, onde cada mes se explica unha metodoloxía de innovación e se presentan casos de éxito. Creouse tamén un curso en liña de iniciación e motivacións para innovar e estase a traballar, entre outras iniciativas, nun mapa de axentes de coñecemento do ecosistema para facilitar a transferencia ás pemes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA MELLORA A EFICIENCIA ENERXÉTICA DOS EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS CUN INVESTIMENTO SUPERIOR AOS 135M€

- Subliñou que o Goberno galego leva anos facendo "un esforzo importante" e poñendo en marcha diferentes actuacións neste eido
- Resaltou que grazas a programas de aforro de gas e luz a factura nos edificios públicos logrou reducirse ata 60,5 millóns de euros desde 2013
- O Consello do Goberno galego deu conta hoxe das actuacións desenvolvidas desde o ano 2014
- Destináronse máis de 23M€ a actuacións en edificios administrativos e xudiciais, nos que se seguirán realizando obras ao longo do ano
- No eido educativo o orzamento ascendeu a máis de 112M€ desde 2017
- Ademais, no ámbito sanitario todas as novas obras ou reformas realizadas levan aparelladas melloras na eficiencia enerxética
- O informe presentado hoxe recolle tamén a implantación das medidas de aforro e eficiencia enerxética establecidas polo Goberno central nos edificios administrativos e xudiciais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, resaltou hoxe que o Goberno galego investiu máis de 135 millóns de euros en actuacións de mellora enerxética nos edificios administrativos, xudiciais, educativos e sanitarios desde 2014. "A Xunta leva moitos anos facendo un esforzo importante e poñendo en marcha actuacións neste eido", explicou Rueda, quen resaltou que, nun contexto, no que se lle está pedindo "un esforzo" á cidadanía para acadar aforros enerxéticos, "as Administracións temos que dar exemplo".

Rueda asegurou que a estas actuacións de obras físicas de eficiencia hai que sumar programas de aforro de gas e electricidade a través da centralización de contratos que os diferentes puntos de consumo públicos da Xunta fixeron mediante Redexga. "Isto permitiu que desde 2013 se conseguisen aforros na factura enerxética de 60,5 millóns de euros", destacou.

Segundo o informe presentado hoxe no Consello, a Xunta destinou desde 2014 máis de 23 millóns de euros á mellora enerxética dos edificios administrativos e xudiciais, o que supón unha redución anual de 2.652,96 toneladas de emisións de CO₂ e uns aforros nos consumos de case 13 millóns de quilovatios ao ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta liña, actuouse no complexo de San Caetano, coa instalación dunha caldeira de biomasa e a mellora da envolvente, así como na Escola Galega de Administración Pública (Egap) e no edificio da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, todos eles en Santiago de Compostela. Tamén houbo melloras nos edificios administrativos do Barco de Valdeorras e de Ourense; de Sanidade, Benito Corbal e Campolongo, en Pontevedra; na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), na Estrada, e no edificio administrativo da Xunta en Vigo.

Canto aos edificios xudiciais, melloraron a súa eficiencia o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e os xulgados de Ortigueira, Arzúa, Negreira, Ordes, Santiago e Ribeira, na provincia da Coruña; e a Audiencia Provincial de Lugo e os xulgados de Chantada, Becerreá, Mondoñedo e Sarria, na de Lugo. En Ourense as actuacións realizáronse no novo edificio xudicial da cidade e nos xulgados de Pobra de Trives, Xinzo de Limia e Verín, e en Pontevedra, na Audiencia Provincial, no novo edificio xudicial de Tui e nos xulgados de Tui, Marín, A Estrada e Cambados.

A maiores, a Xunta continúa avanzando a prol da eficiencia enerxética dos edificios de servizo público autonómico e neste ano finalizaranse obras nesta liña no Edificio Administrativo da Delegación Territorial de Lugo, cun investimento de máis de dous millóns de euros. Ademais, neste exercicio arrincarán as actuacións nos edificios administrativos das delegacións territoriais de Ferrol e da Coruña, ás que se destinarán máis de tres millóns de euros. No eido xudicial, están en execución melloras nos edificios de Noia e Marín cun investimento de medio millón de euros.

Implantación de medidas de aforro

Por outra banda, o informe presentado hoxe no Consello da Xunta recolle a implantación nos edificios administrativos e xudiciais das medidas de aforro e eficiencia enerxética establecidas polo Goberno central. Trátase da limitación das temperaturas de calefacción e refrixeración, o establecemento dun sistema de peche das portas de acceso que impida que estean abertas de xeito permanente, o apagado do alumeadoo exterior a partir das 22,00 horas, e a colocación de carteis ou pantallas con información sobre as medidas de aforro, que acabarán de instalarse esta semana.

Ademais, neste mes arrincarán as revisións extraordinarias dos inmobles que pasanen a inspección de eficiencia enerxética antes de 2021, situación na que se atopan 90 edificios administrativos e xudiciais. O prazo para o cumprimento desta medida remata o 1 decembro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Eidos educativo e sanitario

Outro dos eidos nos que o Goberno galego está a realizar un importante esforzo orzamentario para garantir a eficiencia nas infraestruturas é o educativo. Só desde 2017 investíronse máis de 112M€ en obras de mellora enerxética, cun aforro medio do 45% tanto en kwh/m² como en emisións de CO₂. Cómprase sinalar que só neste ano, a Xunta dispón dun orzamento de 31M€ para estas actuacións.

Canto ao ámbito sanitario, todas as novas obras ou reformas realizadas en centros de saúde ou hospitais licitadas polo Servizo Galego de Saúde nos últimos anos levan aparelladas melloras na eficiencia enerxética. Así, máis de 700M€ adxudicados, en licitación na actualidade ou prevista nos vindeiros meses inclúen actuacións nesa liña, como é o caso dos novos CHUAC e Montecelo, o Hospital de Ourense ou centros de saúde como o da Estrada, o CIS Lugo, Moaña ou Ames.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA UNHA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA MELLORAR AS INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓN EN EDIFICIOS

- A convocatoria conta cun orzamento de 4,1 millóns de euros ata 2023
- Subvencionará ata o 70 % dos gastos derivados da incorporación ou mellora das infraestruturas de telecomunicación en edificios ou conxunto de edificacións suxeitos ao réxime de propiedade horizontal
- Con esta iniciativa a Xunta xa ten en marcha as catro medidas para a mellora da conectividade sufragadas con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea
- Galicia recibe 19,1 millóns de euros para executar estas actuacións

O Consello do Goberno galego tivo coñecemento hoxe da convocatoria de axudas para adaptar as infraestruturas de telecomunicación (ICT) ás novas redes de telecomunicación que se están a despregar. Conta cun orzamento de 4,1 millóns de euros, que forman parte dos fondos asignados a Galicia no marco do compoñente 15 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea.

A iniciativa busca eliminar as barreiras para a prestación de servizos avanzados no fogar e incorporar ICT adaptadas ás novas redes ultrarrápidas, especialmente nos edificios de maior antigüidade. A convocatoria está dirixida a edificios ou conxuntos de edificios suxeitos ao réxime de propiedade horizontal que estivesen concluídos antes do 1 de xaneiro de 2000, antes da entrada en vigor do Real decreto 279/1999, do 22 de febreiro.

A liña de axudas sufraga ata o 70 % dos investimentos e gastos necesarios para presentar os proxectos subvencionables, o que inclúe a elaboración do proxecto, dirección de obra e certificación final, memorias e informes técnicos, ademais de todos os traballos vinculados á empresa instaladora. A convocatoria recolle tres liñas de actuación, en función do equipamento que se vai instalar, instalación completa, parcial ou adaptada exclusivamente á banda larga ultrarrápida.

A convocatoria establece un importe máximo de subvención por liña de actuación. Para a primeira o importe máximo de subvención por vivenda é de 476 € ata acadar os 16.660 € por proxecto. A segunda liña de actuación dispón dun importe máximo de subvención de 420 € por vivenda ata 14.7000 € por proxecto e a terceira establece un máximo de axuda de 339,50 € por vivenda e un máximo de 11.882 € por proxecto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As comunidades de propietarios poderán presentar as súas solicitudes tras a publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), que está prevista para os vindeiros días. A partir dese momento terán un prazo de tres meses para solicitar as axudas.

Con esta convocatoria a Xunta xa ten en marcha as catro medidas establecidas para a mellora da conectividade no territorio no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, o que permitirá:

- reforzar a conectividade en áreas empresariais e centros loxísticos, cun investimento de 4,3 millóns de euros, para mellorar a conectividade de 77 áreas empresariais;
- axudas para a conectividade dos colectivos vulnerables, cun importe de 1,4 millóns de euros, o que está a posibilitar a entrega de case 6.000 bonos dixitais para persoas en risco de exclusión;
- a mellora da conectividade en centros públicos, cun investimento de 8,6 millóns de euros, que permite a mellora da conectividade en 565 centros públicos;
- e para a mellora das infraestruturas de telecomunicacións nos edificios, por importe de 4,1 millóns de euros, o que vai permitir entregar axudas a máis de 700 comunidades de propietarios

En total o Estado destinará ás comunidades un 9 % dos máis de 4.000 millóns de euros do Plan. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital resérvase, polo tanto, o 91 % dos fondos para resolver os problemas de conectividade fixa e sen fíos en todos os territorios e cumplir cos obxectivos que marca Europa. Entre eses obxectivos está o de que o 100 % da poboación teña acceso a banda larga de polo menos 100 Mbps.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIU MÁIS DE 104 MILLÓNS DE EUROS ENTRE 2016 E 2022 NA MELLORA DE CASE 4.000 QUILÓMETROS DE CAMIÑOS RURAIS

- Deste xeito, durante este período de tempo, o Goberno galego puido mellorar preto de 5.000 vías rurais
- O Consello da Xunta analizou o informe da Consellería do Medio Rural sobre o balance das convocatorias destas axudas no período 2016-2022
- Na última convocatoria destas axudas investiranse preto de 17 millóns de euros para a execución de 667 actuacións, co fin de mellorar preto de 600 quilómetros da rede de camiños rurais
- A Xunta de Galicia proseguirá apostando polo Plan Marco para mellorar as condicións de vida e de traballo no rural
- Este plan permite facilitar o tránsito de vehículos e maquinaria, o que redunda nunha maior axilidade das operacións agrarias e nunha redución dos custos e dos tempos necesarios para poñer os produtos no mercado

O Consello do Goberno galego avaliou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural que fai balance sobre as convocatorias de axudas entre 2016 e 2022 do Plan Marco de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas. Este constata que durante ese período a Xunta destinou un total de 104.003.208 euros para a mellora de 4.830 camiños, o que supón a intervención nun total de 3.800 quilómetros de vías rurais.

A finalidade destas axudas é facilitar a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas, incluíndo tanto actuacións que supoñan un incremento da largura da vía, o reforzo do firme e terraplén ou a limpeza das marxes. Pola contra, quedan excluídas as actuacións en rúas interiores, dentro dos núcleos de poboación, ou as actuacións consistentes únicamente no arranxo de fochas. Así, este plan de mellora de camiños permite facilitar o tránsito de vehículos e maquinaria, o que redunda nunha maior axilidade das operacións agrarias e nunha redución dos custos e dos tempos necesarios para poñer os produtos no mercado.

No que respecta á distribución das asignacións económicas por concellos, estableceronse unha serie de criterios que foron previamente consensuados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Estes criterios determináronse con base en indicadores obxectivos, a partir dun importe fixo por concello, habitante e entidade de poboación, dentro duns límites de máximos e mínimos, co fin de garantir unha repartición equitativa entre a totalidade de concellos. A estas variables

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

incorporáronse factores correctores vinculados á superficie do concello e o peso do agro no municipio, entre outros aspectos. Ademais, prímanse cun incremento do 50 % no orzamento aqueles concellos fusionados.

Así mesmo, a Xunta de Galicia proseguirá apostando por vindeiras convocatorias do Plan Marco, dentro do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, para mellorar as condicións de vida e de traballo no agro galego.

Convocatoria 2022-2023

Este informe recolle tamén a resolución da última convocatoria de axudas, que corresponde aos anos 2022-2023, na cal se destinan 16.864.605 euros de fondos propios (un 23 % máis que a convocatoria anterior), distribuídos nas dúas anualidades. Así, executaranse en total 667 actuacións para a mellora de 586,52 quilómetros da rede de camiños rurais.

Por provincias, a repartición de fondos distribúese da seguinte maneira: por un lado, A Coruña é a provincia con maior dotación, cun total de 5.037.662 euros para 195 actuacións en preto de 160 quilómetros de vías; séquelle Lugo, con 186 actuacións en más de 190 quilómetros de camiños rurais, para os cales se destinan 4.567.478 euros; en Ourense interviranse máis de 177 quilómetros de vías rurais en 201 actuacións con 4.062.157 euros; por último, a provincia de Pontevedra recibirá un total de 3.197.308 euros para 85 actuacións en preto de 58 quilómetros de pistas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

